



## DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO PUZA, NOS CONCELLOS DE AVIÓN (OURENSE) E A LAMA (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POR ALTO DA PUZA, S.L. (CLAVE: 2020/0153).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e, de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1.a) que os proxectos comprendidos no seu anexo I someteranse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Entre os proxectos que figuran no dito anexo I atópanse, no grupo 3.i, os parques eólicos que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que o parque terá máis de 30 MW e atópase a menos de 2 km de varios parques eólicos en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

### 1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

#### 1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade Alto de Puza, S.L. (Adelanta Corporación, S.A.) e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

#### 1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

Segundo o estudo de impacto ambiental (EIA) sometido a información pública no marco do procedemento de autorización substantiva, o proxecto consiste na execución dun parque eólico de 48 MW de potencia total nos concellos de Avión (Ourense) e A Lama (Pontevedra), composto por 12 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe dos aeroxeradores, gabias de cableado, centro de seccionamento e medida, torres anemométricas e liña eléctrica de evacuación de enerxía a 30 kV soterrada) que se localizarán no polígono definido coas seguintes coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N):

Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
1	554.376	4.698.300
2	555.276	4.698.300
3	556.500	4.693.500
4	556.500	4.690.700





Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
5	555.500	4.690.700
6	552.576	4.695.600
7	552.576	4.697.100
8	554.376	4.697.100

As características principais do proxecto son as seguintes:

- Número de aerogeradores: 12
- Modelo previsto: Vestas V136
- Potencia nominal unitaria: 4,0 MW
- Potencia total instalada: 48 MW
- Altura da buxa: 112 m
- Diámetro rotor: 136 m.

En canto á evacuación da enerxía producida no parque, no EslA indícase que se efectuará a través da denominada Subestación Colectora Suído, á cal se conectará, como xa se sinalou, mediante unha liña de evacuación a 30 kV, soterrada e que na práctica consiste na prolongación da rede colectora de media tensión do parque. A orixe será o centro de seccionamento e medida (no noroeste da poligonal) e o remate a referida subestación.

A Subestación Colectora Suído 30/132 kV localizarase no sector noroeste da poligonal do parque, no ámbito xeográfico do futuro parque eólico Laxabranca e será compartida con outros parques previstos no contorno co fin de conectar todos eles, mediante unha liña a 132 kV, cunha segunda subestación colectora. Nesa segunda subestación confluirá á súa vez outro continxente de parques con conexión final prevista na futura subestación Beariz 400 kV de REE. Tanto a liña a 132 kV como as dúas subestacións colectoras son obxecto doutros expedientes.

A raíz dos informes do Instituto de Estudos do Territorio e da Dirección Xeral de Patrimonio Natural a configuración do proxecto foise modificando, resultando un cambio na poligonal do parque definido finalmente polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N):

Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
1	554.376	4.698.300
2	554.860	4.698.300
3	556.280	4.694.300
4	556.500	4.690.700
5	556.500	4.691.200
6	555.950	4.691.200
7	555.854	4.692.690
8	554.400	4.698.070

Así mesmo o número de aerogeradores se reduce dos doce iniciais a oito, proxectando un modelo de maior potencia unitaria e menor altura.

## 2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

### 2.1. Resumo da tramitación





O 23.07.2020 a entón Dirección Xeral de Enerxía e Minas, actual Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, remítenos un oficio no que solicita ao órgano ambiental, unha relación de organismos a consultar, achegando o estudo de impacto ambiental, o proxecto de execución e arquivos shape.

Mediante oficio do 11.08.2020 desta Dirección Xeral, trasladouse, en relación ao anterior, unha serie de indicacións sobre os trámites que tiña que realizar o órgano substantivo na avaliación de impacto ambiental ordinaria (información pública e a relación dos organismos a consultar sobre o EsIA) e o contido do expediente que no seu momento tería que remitir ao órgano ambiental para continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.

En canto ao trámite ambiental e como xa se sinalou, o proxecto está incluído no grupo 3.i do anexo I da citada norma, polo que debe sométese a avaliación de impacto ambiental (AIA) ordinaria conforme á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O 08.02.2021 o órgano substantivo remite documentación para os efectos de someter, nesta Dirección Xeral, o proxecto a información pública solicitando a emisión do certificado.

Mediante resolución do 5 de febreiro de 2021 (publicado no DOG núm. 32 do 17.02.2021), da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do parque eólico Puza.

O 08.06.2021 esta Dirección Xeral emite o certificado de exposición pública do proxecto, no que se indica que no período de información pública recibíronse 7 alegacións de particulares e 1 dunha asociación.

O 10.11.2022 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente de avaliación de impacto ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, como órgano substantivo por razón da materia, para os efectos de continuar coa tramitación de cara a formular a declaración de impacto ambiental.

## 2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

- ◆ En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:
  - O Instituto de Estudos do Territorio, introduce o seu primeiro informe cunha referencia ao marco legal e unha breve descrición do proxecto. Expón a continuación as principais características da paisaxe onde se inxire o proxecto, caracterizándose esta zona por ter un relevo irregular conformado por unha sucesión de outeiros onde predominan as superficies cubertas de matogueiras e rochedos, e en menor medida turbeiras, repoboacións forestais e formacións boscosas. Tamén se atopan na zona ámbito do proxecto afloramentos rochosos que adquiren gran relevancia, e nas áreas máis húmidas, próximas aos cursos fluviais, aparecen zonas de turbeira.

A maior parte das infraestruturas do parque localízanse dentro da área de especial interese paisaxístico AEIP-08-15 Serra do Suído, situándose fora da mesma o edificio de seccionamento e os aeroxeradores 1, 2 e 3. Así mesmo, na contorna do parque atópanse





outras AEIP como son a AEIP-08-12 Serra do Cando, a uns 3,5 km ao noroeste e a AEIP 05-09 Pena Corneira a uns 8,8 km ao sueste. Respecto aos miradoiros, os máis próximos son o Mirador do Castro, a uns 5,3 km ao leste, o Alto da Cruz do Seixo, a uns 6,2 ao noroeste, e o Miradoiro de Avión (Boca do Can) a uns 7,6 km ao sueste. Máis lonxe, nun radio de 15 km localízanse outros miradoiros como son os de O Curro, Pena Corneira-2 ou o Miradoiro da Castrelada.

Unha vez analizado o contido do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística o IET sinala que o proxecto xeraría unha forte incidencia visual sobre a AEIP-08-15 Serra do Suído, que queda afectada visualmente polo parque en máis dun terzo (4315 ha) da súa superficie total, parte da cal (1016 ha) queda afectada por unha incidencia visual moi alta ao seren visibles os 12 aeroxeradores. Este impacto resulta severo, toda vez que neste sector norte da área os aeroxeradores constitúen elementos novos na paisaxe, diminuíndo o valor estético e panorámico dos outeiros que conforman a serra. Ademais, cómpre ter en conta que nesta mesma AEIP están en funcionamento os parques eólicos de Fonteavia e Bidueiros, de enormes dimensións, ao que se sumará o potencial efecto sinérxico negativo doutros 12 parques pendentes de tramitación, dos cales 7 atópanse dentro da AEIP. En conxunto, estes parques ocuparían a práctica totalidade da AEIP, polo que a intensidade da sinerxia na serra do Suído sería moi severa e podería cambiar o carácter natural desta paisaxe.

O informe conclúe remarcando a afección visual do parque, sinalando que se estende a case o 40% da superficie da AEIP Serra do Suído, agravándose a situación, pola sinerxia negativa do conxunto de parques proxectados e existentes na AEIP, non podendo mitigarse estes efectos con ningunha medida correctora.

O IET propón valorar a viabilidade da alternativa proposta mediante unha avaliación conxunta da totalidade dos parques eólicos en tramitación e ter en conta os obxectivos de calidade paisaxística aos que se refire o apartado 1.2 do anexo I das Directrices de paisaxe de Galicia, concretamente o epígrafe AEIP. 3, así como completar o EIIP cunha serie de condicións sinaladas do seu informe.

O promotor responde mediante un escrito sobre o asunto *Respuesta al informe emitido por el Instituto de Estudios del Territorio en relación con el estudio de impacto ambiental*. Neste escrito indica que achega un documento titulado *Adenda al Estudio de Impacto e Integración Paisajística del Parque eólico Puza* que completa o EIIP presentado no EsIA no que se responde os puntos sinalados polo IET no seu informe, así como vídeos complementarios ao EIIP.

O IET emite un segundo informe no que indica que a addenda presentada polo promotor vén a emendar o EIIP, sen embargo, sinala que no estudo de sinerxías individualizado para cada un dos catro parques da empresa promotora se tiveron en conta as infraestruturas existentes dentro da AEIP, pero non así os demais proxectos en tramitación doutras empresas, nin aqueles parques próximos situados no perímetro da AEIP e que estarían dentro da mesma cunca visual que os analizados.

De executárense todas as infraestruturas proxectadas, incrementaríase a porcentaxe da superficie visible dentro da AEIP dun 65 % ao 96,8 % (un 92,4 % contabilizando só os catro parques previstos do grupo Adelanta), sendo relevante o aumento da visibilidade nos sectores central e sueste. Cabe sinalar ademais o aumento notable de novos aeroxeradores, 45 en total (dos cales 27 deste mesmo promotor), que se sumarían aos 67 existentes, e que terán unha maior presenza no territorio dadas as súas dimensións, as cales dobran (chegando en algúns proxectos aos 200 metros) a altura máxima (86 metros) das máquinas xa instaladas dentro da AEIP.

O informe finaliza sinalando o mesmo que no primeiro informe, a execución de novas infraestruturas eólicas dentro da AEIP, sumado ás proxectadas no perímetro da mesma,





producen un importante incremento dos impactos neste territorio sen que tales efectos se poidan mitigar con ningún tipo de medida correctora, e polo tanto comprometen dun xeito crítico o carácter da paisaxe da Serra do Suído.

Novamente, o promotor responde cun escrito co asunto *Respuesta al informe segundo emitido por el Instituto de Estudios do Territorio en relación con el estudio de impacto ambiental*, no que mostra a súa desconformidade coa afirmación do IET en canto a que no estudio de sinerxías dos parques contiguos non se tiveron en conta os proxectos en tramitación doutras empresas e tan só se tiveron en conta os catro parques pertencentes a empresa promotora do PE Puza.

Nun terceiro informe, o IET reitera o xa expresado nos anteriores informes, en canto o incidencia visual do proxecto sobre o AEIP Serra do Suído.

En canto a non conformidade do promotor sobre o segundo informe do IET, este sinala respecto ao estudo de cuncas visuais, que se refire á análise de intervisibilidade individualizada para o parque eólico Puza, onde só se tiñan en conta os parques existentes dentro da AEIP, se ben é certo que se presentaba outro plano do conxunto de cuncas visuais de todos os parques existentes e en tramitación nesa área. En ningún apartado do estudo se analizaron aqueles parques eólicos situados fóra da AEIP pero si dentro da cunca visual do proxecto.

En todo caso, no mesmo parágrafo do segundo informe do IET, afirmábase que tal situación non invalidaba o estudo presentado, posto que na análise realizada xa quedaba en evidencia a importante incidencia visual que se xeraría sobre a AEIP de executárense todas as infraestruturas proxectadas.

O informe finaliza indicando que toda vez que non se produciron modificacións no proxecto do parque eólico Puza, en base ás conclusións do estudo de sinerxías presentado na addenda ao EIIP, cómpre reiterar as consideracións efectuadas por este departamento no anterior informe.

De novo, o promotor emite un escrito co título *Respuesta al informe tercero emitido por el Instituto de Estudios do Territorio en relación con el estudio de impacto ambiental*, no que manifesta a súa oposición e non conformidade alegando que non se tiveron en conta por parte do IET ningunha das propostas incluídas na *Adenda al Estudio de Impacto e Integración Paisajística del Parque Eólico Puza. Maio 2021*, relacionadas coa modificación das características xeométricas dos aeroxeradores, melloras de integración paisaxística, recolocación de posicións dos aeroxeradores de maior incidencia visual e da metodoloxía exposta.

No escrito indícase que o promotor deu traslado dun documento titulado *Propuesta proyectos Puza-Coto da Airas-Laxabranca MODIFICADOS* propoñendo modificacións no proxecto tales como recolocación dos aeroxeradores 4 e 5, eliminación dun viario, liberación de infraestruturas onde se localizan turbeiras e outros hábitats, disposición homoxénea do parque en dirección N-S, redución da altura de buxa dos aeroxeradores e redución da superficie afectada polas infraestruturas do parque.

O IET emite un cuarto informe no que remarca que a solicitude do promotor e sensiblemente coincidente coa que se fixera a empresa promotora por medio do seu anterior escrito ao cal se lle deu contestación por medio do terceiro informe do IET no que se sinalaba que a execución de novas infraestruturas eólicas dentro da AEIP, sumado ás proxectadas no perímetro da mesma, producen un importante incremento dos impactos neste territorio sen que tales efectos se poidan mitigar con ningún tipo de medida correctora, e polo tanto comprometen dun xeito crítico o carácter da paisaxe da Serra do Suído.





A empresa promotora volve a contestar cun escrito nomeado *Remisión de nuevo estudio de impacto paisajístico y solicitud de emisión de un nuevo informe por el IET*. Nesta nova documentación modifícase a configuración inicial do parque polo que solicita novo informe do IET e fai unha serie de consideracións sobre o estudo de sinerxías con outros parques eólicos.

Nun quinto informe o IET indica que se somete a informe un novo EIIP con data de maio de 2022 e sinala que o proxecto presenta modificacións respecto ao informado anteriormente, das que se remarcan as seguintes:

- Redución do número de aeroxeradores, pasando de 12 a 8. Elimínanse os dous aeroxeradores situados ao oeste da aliñación principal, un dos do sector norte e o localizado máis ao sur do parque.
- Cambio nas dimensións e potencia unitaria das máquinas: antes eran 136 de diámetro de rotor, 112 metros de altura de buxa e 4 MW de potencia unitaria. As actuais son de 150 metros de diámetro de rotor, 105 metros de altura de buxa (excepto o aeroxerador AE-02, de 90 metros) e 6 MW de potencia unitaria.
- Modificación das posicións dos aeroxeradores: móvese o AE-02 cara o norte ata aproximalo ao AE-01, e desprázanse cara ao leste as máquinas máis meridionais do parque entre 135 metros e 200 metros, manténdose 6 aeroxeradores dentro da AEIP- 08-15 Serra do Suído.

A partir disto o IET analiza o contido do novo EIIP e conclúe que a nova configuración do proxecto non reduce de maneira substancial a superficie dentro da AEIP-08-15 Serra do Suído dende a que é visible polo menos un aeroxerador do parque (4.315,4 ha na configuración orixinal fronte ás 3.942,4 ha na actual). Cabe salientar que se ben se reduce o número total de aeroxeradores, seguen a manterse 6 máquinas dentro da AEIP neste sector norte da serra, o cal na actualidade permanece exento de elementos artificiais que incidan nos valores estéticos e panorámicos dos outeiros que conforman este espazo.

Este quinto informe finaliza incidindo no indicado en anteriores informes no relativo ao aspecto desfavorable da execución de novas infraestruturas eólicas dentro do AEIP Serra do Suído, que sumado ás proxectadas no perímetro da mesma, producen un importante impacto neste territorio sen que tales efectos se poidan mitigar con ningún tipo de medida correctora, e polo tanto dun xeito crítico o carácter da paisaxe da Serra do Suído.

A raíz deste último informe do IET, o promotor solicita, mediante escrito de xuño do 2022, a ampliación de prazo para realizar as consideracións oportunas que finalmente achega ao IET mediante escrito de nome *Respuesta al informe quinto emitido por el Instituto de Estudios do Territorio en relación con el estudio de impacto ambiental de xulio de 2022* co que adxunta a documentación para que informe ao respecto.

O IET emite un sexto e último informe no que en primeira instancia indica que na documentación achegada polo promotor non se presenta ningunha addenda ao EIIP nin tampouco ningunha alteración do proxecto, en prexuízo das propostas que declara o propio escrito.

O IET prosegue facendo unha serie de consideracións nas que se destaca as seguintes:

- Respecto a afectación a afloramentos rochosos o promotor indica que non se verán afectados pola execución de infraestruturas do proxecto ao que se indica que a documentación achegada non inclúe a análise precisa e detallada que permita comprobar a certeza da anterior afirmación.







- En atención o principal impacto que produce este proxecto, que é a incidencia visual dos aeroxeradores, todos os anteriores informes do IET xa sinalaron que non existe ningunha medida correctora que poida mitigar ou reducir ese impacto.
- En canto á determinación dos rangos para a estimación da intervisibilidade, o promotor reclama que sexa o IET quen determine o ámbito da contorna do límite da AEIP que debe considerarse para os efectos de incluír outros parques eólicos no estudo de visibilidade. O IET sinala que a maneira de determinar o concepto de "contorna", é unha cuestión que que xa tería que ter tido resolta o promotor.
- Os oito aeroxeradores do parque eólico Puza, resultado das modificacións xurdidas, sumados aos correspondentes parques eólicos en tramitación e os parques eólicos xa existentes en funcionamento, producirían un moi intenso impacto visual (neste sentido crítico, para os efectos do artigo 33.1.d) do Regulamento da Lei 7/2008), por canto serían visibles desde amplas superficies incluídas na delimitación da AEIP Serra do Suído, afectando de forma irreversible o carácter dunha área de especial interese paisaxístico, a paisaxe da Serra do Suído, sen que esa afección visual poida ser reducida nin mitigada mediante ningunha medida correctora.

No escrito da empresa promotora proponse reducir a altura de fuste de todos os aeroxeradores a 90 metros, co que a altura total de todos eles pasaría a ser de 165 metros, en lugar dos 180 metros que terían sete deles na proposta anterior (o muíño nº 2 xa se proxectaba coa nova altura). Con estas novas dimensións, de acordo cos cálculos efectuados pola empresa, as infraestruturas serían visibles nun 33,5 % da superficie da AEIP Serra do Suído, o que supón unha redución do 1,15 % respecto da anterior configuración.

O IET reitera o informado con carácter desfavorable, ao longo deste e dos anteriores informes e remarca que as novas medidas propostas, concretamente sobre a redución da altura da totalidade dos aeroxeradores, non produce unha minoración significativa do impacto visual do parque eólico Puza sobre a AEIP Serra do Suído.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural fai unha introdución dos antecedentes e expón as consideración legais e técnicas, para posteriormente, realizar unha análise do estudo de impacto ambiental, resumindo as principais cuestións en relación co patrimonio cultural recollidas no mesmo. Indica a potencialidade etnográfica da Serra do Suído, onde se implanta o parque, e moi alta. Destaca a existencia de numerosas construcións etnográficas relacionadas coa presenza histórica dun sistema de explotación gandeiro de carácter extensivo que foi a actividade principal da zona dende a época medieval e que constitúe elementos singulares e únicos da Serra do Suído. Na maioría das veces, vinculados cos *chozos* e *sesteiros* atópanse unha variedade de construcións destinadas ao coidado do gando, como os cortellos, as curreiras, os foxos de lobo, parideiras e todo tipo de peches e valos en pedra seca, así como unha rede de camiños tradicionais usados por arrieiros e comerciantes. Todos estes elementos etnográficos, directamente vinculados á topografía e ao territorio no que se implantan, definen a singular paisaxe da Serra do Suído.

Estas construcións presentan estruturas realizadas con pedra seca, en perfecta harmonía co medio natural. A técnica de construción de pedra en seco figura incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da DXPC do día 31.08.2016 (DOG núm. 186 do 29.09.2016) e tamén incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018.

Indicase que dentro da poligonal do parque eólico e no seu contorno existen bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras da infraestrutura eólica e





os accesos. Na zona na que se pretende implantar o parque é unha zona de paso de camiños tradicionais (Camiño Vreeiro, Camiño Real e Camiño dos Arrieiros) e de valores etnográficos como os conxuntos Beresemo, Amiudal, As Bestas, Rodeiro, Os Mouros, etc.

O informe segue sinalando unha serie de posibles impactos, nos que se destaca os que se poderían ocasionar, sobre a necrópole de Chan da Veiga-Mámoas de Chan dos Curros debido a modificacións e sobreanchos para o transporte das máquinas e demais elementos, Mámoa de Chan de Veiga 3 debido a sobreanchos dentro dos contornos de protección e da Mámoas de Chan dos Curros 1 debido a remocións de terra.

Conclúe o seu primeiro informe indicando que o proxecto debe ser modificado en diferentes aspectos, entre os que destaca que se deberán eliminar os aeroxeradores 4 e 5, e modificar o deseño de varios viarios que se localizan dentro do contorno de protección

A raíz do informe, o promotor solicita, mediante escrito de decembro do 2021, a ampliación de prazo para realizar as consideracións oportunas que finalmente achega á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural mediante escrito de nome *Respuesta al informe emitido por la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural* co que adxunta a documentación para que informe ao respecto.

A Dirección xeral de Patrimonio Cultural informa favorablemente, en relación ao exposto polo promotor, cunha serie de condicións e consideracións.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un primeiro informe no que, tras resumir as principais características do proxecto, expón unha serie de consideracións respecto aos valores naturais da contorna (espazos protexidos, hábitats de interese comunitario, especies ameazadas, vexetación, zonas húmidas, etc.). Neste informe esa dirección xeral conclúe que no lugar están en estudo distintos espazos ben conservados que reúnen valores ambientais pola presenza de turbeiras e hábitats asociados insuficientemente representados na Rede galega de espazos naturais, en consecuencia infórmase negativamente as instalacións. Por outra banda, sinálase que se atoparon numerosas insuficiencias no EslA como para consideralo adecuado para unha avaliación en canto ao patrimonio natural.

O promotor solicita a ampliación de prazo para realizar as consideracións oportunas que finalmente achega á Dirección Xeral de Patrimonio Natural mediante escrito de nome *Respuesta al informe emitido por la Dirección Xeral de Patrimonio Natural* co que adxunta a documentación para que informe ao respecto.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un segundo informe no que contesta unha por unha as consideracións do promotor relativas a parte legal do procedemento, no que compete a esa dirección xeral o carácter desfavorable do anterior informe e as deficiencias do EslA anteriormente presentado.

Indícase, neste informe, que o promotor propón unha modificación da configuración do parque ao que responde que o carácter desfavorable do informe está suficientemente motivado dada a existencia de zonas ben conservadas nas que se identificou un factor de perturbación que ameaza de forma significativa o seu estado de conservación.

Finaliza o informe realizando unha serie de propostas de cara a posible modificación do parque de maneira que sexa viable a súa construción.

O promotor achega nova documentación á Dirección Xeral de Patrimonio Natural mediante o escrito de nome *Respuesta al informe segundo emitido por la Dirección Xeral de Patrimonio Natural* no que se indica a redución da poligonal do parque e a redución do número de aeroxeradores, de 12 a 8. Solicita tempo adicional dada a transcendencia das modificacións . Posteriormente achega un escrito nomeado *Respuesta complementaria al*







*informe segundo emitido por la Dirección Xeral de Patrimonio Natural co que adxunta a documentación complementaria Adenda al documento estudio de impacto ambiental parque eólico Puza. Junio 2022 e Capas GIS de las principales infraestructuras proyectadas para la nueva configuración del parque eólico.*

A raíz da anterior documentación, achegada polo promotor á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, emítase un terceiro informe por parte desa dirección xeral no que conclúe, unha vez comparada as configuracións do parque anteriores e a final coa conseguinte nova análise do entorno natural, que non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade. No entanto establece unha serie de consideracións.

- Augas de Galicia emite informe no que analiza a documentación facendo un resumo do proxecto pasando a enumerar as afeccións ao medio hídrico debido a viarios de acceso, viarios a acondicionar e gabias en zona de policía dentro da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. Sinálase tamén as afeccións das actuacións proxectadas aos humidais recollido no Inventario de Humidais de Galicia. O informe conclúe cunha serie de condicións particulares e informase favorablemente ao documento EsIA de abril de 2020.
- A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) resume o proxecto resaltando as cuestións que atinxen ao medio hídrico e realiza unha análise das afeccións que se producirán no territorio da súa demarcación. Menciona a existencia de concesións/ usos privativos e zonas protexidas nas proximidades da actuación. Posteriormente, establece unha serie de consideracións e requirimentos de documentación en relación coas posibles afeccións ao dominio público hidráulico (DPH) e zonas de protección de canles; coa existencia de captacións e coa calidade das augas superficiais ou subterráneas; e respecto ás zonas protexidas e valores dos ecosistemas ligados ao medio hídrico.

O promotor contesta aos requirimentos efectuados cun escrito de asunto *Respuesta al informe de la Confederación Hidrográfica Miño-Sil, en relación con el estudio de impacto ambiental y proyecto sectorial*, xunto co que achega o documento *Memoria descriptiva de las actuaciones en el ámbito del Dominio Público Hidráulico de la CHMS*.

No expediente non consta un escrito do traslado de esta documentación á CHMS asinado pola unidade tramitadora nin a contestación por parte dese organismo de cunca.

- A Dirección Xeral de Saúde Pública sinala que o proxecto é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización, polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas. A continuación, efectúa unha avaliación do proxecto dende os seguintes puntos de vista: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos e identificación das posibles vías de exposición, concluíndo que o EsIA non recolle información ou esta é insuficiente para algúns aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, polo que considera oportuno que o promotor complete o estudo.

En contestación ao dito informe o promotor achega un escrito co asunto *Respuesta al informe de la Dirección Xeral de Saúde Pública en relación con el estudio de impacto ambiental*, xunto co que achega o documento titulado *Respuesta al informe de la Dirección Xeral de Saúde Pública al Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Puza*.

A Dirección Xeral de Saúde Pública emite un segundo informe no que indica que se consideran satisfeitos a maioría dos requirimentos feitos no informe previo, non obstante, segue sendo necesario que se aporte información adicional en relación ao parpadeo de sombras.





O promotor achega un novo escrito *Respuesta al informe segundo emitido por la Dirección Xeral de Saúde Pública en relación con el estudio de impacto ambiental* xunto co que achega o documento *Análisis de efecto parpadeo (flicker) parque eólico puza modificado*.

A Dirección Xeral de Saúde Pública emite un terceiro informe no que indica que se consideran satisfeitos a maioría dos requirimentos feitos no informe e fai unha serie de puntualizacións a ter en conta as que o promotor acepta e presenta a súa conformidade.

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, emite un informe no que estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, sen prexuízo de que se o proxecto puidera estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o correspondente plan de autoprotección, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.
- A Axencia Turismo emite un primeiro informe no que sinala que os estudos de desenrolo deste tipo de infraestruturas deben ter en conta os criterios legais recollidos na lei 7/2011 de 27 de outubro de turismo de Galicia. Por outra banda, tras analizar todos os posibles impactos que o proxecto puidese xerar, dedúcese que o devandito proxecto produce un impacto global significativo, feito que os documentos achegados non sinalan. Conclúe o seu informe indicando que dado o alcance das actuacións é necesario que o estudo de impacto turístico sexa completado.

O promotor responde cun escrito nomeado *Respuesta al informe de la Axencia Turismo de Galicia en relación con el estudio de impacto ambiental* con que adxunta o documento *Adenda anexo F estudio del medio socioeconómico y turismo parque eólico Puza*.

A Axencia Turismo dado o alcance das actuacións que pretendese facer e segundo o estudo de impacto turístico achegado como documentación complementaria pódese concluír que o impacto que terá o parque eólico Eólico Puza no turismo rural local así como na súa contorna é reducido.

- A Sociedade Galega de Historia Natural reflicte unha serie de puntos xenéricos relativos a afección dos parques eólicos sobre o medio ambiente debido a tramitación fragmentada dos diferentes proxectos e incide na afección deste tipo de infraestruturas sobre as aves e os morcegos. Finalmente solicita unha serie de aspectos que o promotor debe ter en conta no EsIA.

O promotor achega unha resposta co nome *Resposta ao informe emitido pola Sociedade Galega de Historia Natural* no que analiza e responde as cuestións tratadas no informe.

- Consta así mesmo un informe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, que recolle un resumo da tramitación practicada no expediente. Inclúe, ao respecto, un resumo dos informes obtidos no trámite de consultas e a relación exclusivamente nominal das alegacións presentadas durante a información pública. Como conclusión, establece que procede continuar coa tramitación do expediente.
- ◆ No tocante as alegacións no expediente constan as presentadas por 44 particulares e 11 asociacións.





### 3. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental e á vista do que se desprende do informe do Instituto de Estudos do Territorio en canto aos efectos significativos do proxecto sobre a paisaxe, considérase que a actuación proxectada non é ambientalmente viable, polo que se propón formular unha declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto.

Manuel Díaz Cano  
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos  
(asinado electronicamente)

CONFORME

Juan Manuel Camiño Soto  
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental  
(asinado electronicamente)

---

### RESOLVE:

Formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto do parque eólico Puza, nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto de resolución substantiva do procedemento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos  
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático  
(asinado electronicamente)

